XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

31 de marzo de 2008

Curso 2007/08 nº 21

Correo:boletin@edu.xunta.es



# Boletín Informativo

Contido:

*Resolucións* 2

*Ensinanzas superiores de deseño* 2

*1º Congreso Nacional Internet na Aula* 2

*Doazóns de órganos* 2

*Suvbencións do MEC* 2

*Convocatorias do MEC* 2

*Premio acción magistral* 3

*Proxecto educación ambiental* 3

*Consorcio audiovisual de Galicia* 3

*Unidade de mulller e ciencia* 3

*Antonio Fraguas* 3

*Xornada o uso didáctico do portal do IGE* 3

**Últimas novidades no portal de contidos educativos.**

Acceso

## *Forum Orienta 08. Ensino Superior de Galicia*

A finalidade do Forum Orienta é promover e difundir a oferta de ensino superior de Galicia. Está dirixido ao alumnado de bacharelato e de formación profesional, profesorado, orientadores/as, pais e nais e comunidade educativa de Galicia en xeral. O evento terá lugar do 8 ao 13 de abril no salón IFEVI (Vigo). Aberto o prazo de inscrición para participar.

Acceso




## *Inmersión Lingüística Verán 2008*

No web www.edu.xunta.es/axudasle pódese consultar o estado das solicitudes.

## *Convocatoria do programa de mellora do éxito escolar-centros*

A convocatoria está dirixida aos centros educativos e ten por obxectivo o reforzo de materias de marcado carácter instrumental: Matemáticas, Lingua galega e Lingua castelá. Poderán participar nesta convocatoria os centros educativos sostidos con fondos públicos que impartan 3º ciclo de E.P., 1º ou 2º da ESO. Seleccionaranse 100 centros. O prazo de presentación das solicitudes remata o 14 de abril de 2008.

Acceso

## *Convocatorias*

Actividades formativas de inglés, francés, alemán, portugués e de música para o a no 2008 no estranxeiro, destinadas a profesorado que imparte docencia en niveis non universitarios. Acceso

Licenzas por estudos para o curso 2008/2009 destinada a funcionarios docentes non universitarios. Acceso

Concurso de méritos para cubrir postos nos equipos de orientación específicos. Acceso

Solicitude de interinidades ou substitucións para impartir docencia de relixión. Acceso

## *Adxudicación de auxiliares MEC para o curso 2008-2009*

Relación de centros aos que se lles adxudica auxiliar de conversa para o curso 2008-2009. Acceso

## Ourense



*Río Arenteiro. Curiosa cara no río (Pontevedra)*



*Caldas do inferno. Corcubión (A Coruña)*



*Restos dun Canastro no Camiño Real . A Laxe (Pontevedra)*



*Poza da Fecha (Ourense)*

# Resolucións

Resolución definitiva do concurso específico de educación e promoción de adultos.

Acceso

Resolución provisional do concurso de traslados entre funcionarios do corpo de profesores de ensino secundario e outros. Acceso

# Acceso e admisión ás ensinanzas superiores de deseño

No DOG nº 55 do martes 18 sae publicada a Orde do 6 de marzo de 2008 pola que regula o acceso e a admisión ás ensinanzas superiores de deseño.

# 1º Congreso Nacional Internet na Aula

Celebrarase do 1 de abril ata o 30 de outubro baixo o lema "Aprende, ensina" e permitirá o achegamento da comunidade docente española á Sociedade da Información dunha forma innovadora . Constará dunha fase virtual e unha presencial. Para Galicia ofrécense bolsas por un importe de 25.000€.

Máis información

# Doazón de órganos

A Oficina de Coordinación de Transplantes de Galicia e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria convocan un concurso de debuxo para escolares de 3º ciclo de educación primaria e mais primeiro e segundo curso de educación secundaria obrigatoria co fin de sensibilizar a poboación escolar cos beneficios que achega á sociedade a doazón de órganos. O prazo de presentación dos debuxos será ata o 30 de abril de 2008. As bases do concurso atópanse no web de valora ou no web do SERGAS.

# Subvencións do Ministerio de Educación e Ciencia

Subvencións para realizacións de actividades de compensación de desigualdades en educación. Acceso

Subvencións para realizacións de actividades de fomento da educación e da cultura de paz. Acceso

# Convocatorias do Ministerio de Educación e Ciencia

Premios a materiais educativos curriculares en soporte electrónico que poidan ser utilizados e difundidos en internet. Acceso

Premios a centros docentes que desenvolvan accións dirixidas ao alumnado con necesidades educativas especiais. Acceso

Premios a centros docentes que desenvolvan accións dirixidas á compensación de desigualdades en educación. Acceso

## *Premio a la acción magistral*

Aberto o prazo para a presentación de candidaturas do Premio a la Acción Magistral 2008 convocado pola FAD, Comisión Española de Cooperación coa UNESCO e BBVA. Os premios tratan de difundir proxectos educativos que traballen valores como a solidariedade, a tolerancia, a igualdade de xénero, o respecto, etc. O prazo de presentación estará aberto ata o 2 de maio. O premio ten unha dotación económica de 9.000€ para os autores e 9.000€ para os centros educativos.

Acceso



*Fotos dispoñibles no Portal Galego de Contidos Educativos*

## *Proxecto de educación ambiental do CEIDA*

O Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia pon en marcha catro programas de educación ambiental dirixido a centros educativos e outros colectivos: *O mar e a costa, recursos valiosos para todos; A natureza mariña galega; O noso mundo, o noso futuro, a nosa opción; Pés na terra. Itinerarios forestais.*

Acceso




## *Consorcio Audiovisual de Galicia*

Centros seleccionados para participar na 5ª edición do programa Audiovisual nas Aulas.

Acceso á listaxe de centros.



*Fotos dispoñibles no Portal Galego de Contidos Educativos*

### *Unidade de muller e ciencia*

A Unidade de Muller e Ciencia, con presenza no Forum Orienta 08, ten prevista a relización de charlas e exposicións.

## *Xornada sobre o Uso Didáctico do Portal do IGE*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Instituto Galego de Estatística (IGE) organizan unha Xornada sobre o Uso Didáctico do Portal Educativo do IGE dirixida ao profesorado de secundaria de Matemáticas, Xeografía e historia e Economía. Celebrarase na Facultade de Santiago o día 19 de abril. Acceso á inscrición en fprof



*Fotos dispoñibles no Portal Galego de Contidos Educativos*

## *Antonio Fraguas. Proxecto didáctico 08-09*



Sexta edición do proxecto didáctico que pretende incentivar a investigación realizada desde o ámbito escolar nos campos da Historia, da Arte, da Antropoloxía… de Galicia. Hai dúas modalidades para primaria e secundaria, cun premio de 10.000€, para o desenvolvemento do proxecto. O prazo de presentación dos proxectos remata o 30 de abril de 2008. Acceso

# *Webs temáticos*

**Contidos Educativos**

**http://www.edu.xunta.es/contidos**




**Plan Galego de Convivencia**

**http://www.edu.xunta.es/convivencia**

**Plan Valora**

**http://www.edu.xunta.es/valora**

**Linguas estranxeiras**

**http://www.edu.xunta.es/linguasestranxeiras**

**Rede TIC de Centros**

**http://www.edu.xunta.es/contidos/rede_tic**

**Bibliotecas escolares**

**http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog**

# *Publicacións*

- LOE
- O proceso de adaptación. E ti … vas á escola?
- Plan de Convivencia
- Saudiña
- Alumnado con trastornos xeneralizados do desenvolvemento
- Alumnado con discapacidade motora
- Alumnado con problemas de conduta
- Alumnado con discapacidade intelectual
- Alumnado con sobredotación intelectual

# *Ligazón á páxina de lexislación educativa: acceso*